



# CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS

Neste faladoiro sobre [os Itinerarios identitarios da masculinidade prostitutiva viguesa](#), reflexionarase sobre a [evolución histórica](#) da escenificación social deste fenómeno e abordaranse as dimensións dos espazos da prostitución e quen e como se ocupan.

## Os espazos físicos

no territorio (situados en que lugares?), na cidade (cocéntrase nunha área?), no edificio/casas (que lugares ocupan?), e por dentro: nas estancias da casa/piso (hai unha distribución definida?), etc.

## Os espazos simbólicos

na sociedade (cando e por que se establece?), na construción dunha maneira de entenderse a sexualidade (desígnanse roles?), un tipo de masculinidade (sinala a un sexo concreto?), etc.

## Os espazos virtuais

En liña (os móbiles e webs son máis do mesmo?) e a domicilio (efecto coronavirus?), etc.

[Silvia Pérez Freire](#), profesora de socioloxía da [Universidade de Vigo](#) e [activista feminista](#) de ampla experiencia neste ámbito de estudo, percorrerá os distintos «lugares» de Vigo desde onde se problematiza sobre a prostitución e cales poderían ser os modelos alternativos que nos leven a mundos mellores, máis habitables e igualitarios.

*CICLO DE FALADOIROS  
PERCORRENDO VIGO CON LENTES VIOLETA*

## FALADOIRO VIRTUAL\*

**Itinerarios identitarios da  
masculinidade prostitutiva viguesa  
(percorrido histórico)**

**Martes, 28 setembro 2021**

**ás 19:00**

**Intervén:**

**Silvia Pérez Freire**